



VIVEIRO, Agosto 2016



29 de Xuño de 2019

[Exposición sobre Manuel Rodríguez López no Concello de Viveiro](#)

25-08-16

Viveiro 25-8-16. O Venres día 26 de agosto a partir das 12.00 da mañá poderase visitar unha exposición sobre o escritor nado en Paradela (Lugo) Manuel Rodríguez López, na sala de exposicións da biblioteca municipal de Viveiro.

Estará aberta o público ata o día 2 de setembro, en horarios: de Luns a venres de 10.00 h. a 14.00 h. e as tardes do martes de xoves de 18:00 a 21:00 h. O Xoves día 1 de setembro haberá unha mesa redonda sobre o mesmo ás 20,30 h. no salón multiusos do Concello de Viveiro. Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística e Secretaría Xeral de Cultura), Deputación de Lugo, Concello de Paradela e Real Academia Galega.

29 de Xuño de 2019

Exposición e mesa redonda sobre Manuel Rodríguez López en Viveiro

31-08-16

Viveiro, 31 de agosto de 2016. Este xoves, 1 de agosto, ás 20:30 horas, na sala multiusos da casa do concello, celebrarse unha mesa redonda sobre a biobibliografía de Manuel Rodríguez López e, posteriormente, terá lugar unha visita guiada pola exposición que dende o 26 de agosto e ata o 2 de setembro se pode visitar na Biblioteca Pública Municipal de Viveiro sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese Concello, e que dá nome á Casa Municipal de Cultura e mais a un Certame Literario, do que se está a celebrar a vixésimoprimeira edición.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido por GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido na Casa da Cultura de Paradela para logo expoñerse en Lugo, Begonte, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona, Madrid, na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso, na Biblioteca Anxo Casal de Compostela, na Casa das Palabras de Guitiriz, no Concello de Meira e no Antigo Hospicio de Ferrol, no Centro Galego de Salamanca, na Casa de Galicia de León e no Centro Galego de Vitoria.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e que foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Cataluña, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no país catalán.

Na mesa redonda que terá lugar mañá intervirán o director de GaliciaDigital, Antonio Giz, que falará sobre o “Proxecto Manuel Rodríguez López”; o crego e musicólogo Xesús Mato, sobre “Manuel Rodríguez, amigo”; o alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato, sobre “O noso fillo predilecto”; o xornalista Xulio Xiz, que falará no nome da familia do escritor; e o Tenente de Alcalde Jesús Fernández Fernández, quen, en representación do concello de Viveiro, se encargará de clausurar o acto.

Exposición en Viveiro da vida e a obra do escritor Manuel Rodríguez López

By [Redacción](#) on 30 agosto, 2016



Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido na Casa da Cultura de Paradelas para logo expoñerse en Lugo, Begonte, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona, Madrid, na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso, na Biblioteca Anxo Casal de Compostela, na Casa das Palabras de Guitiriz, no Concello de Meira e no Antigo Hospicio de Ferrol, Centro Galego de Salamanca, Casa de Galicia en León, e Centro Galego de Vitoria.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

O día 1, mesa redonda en Viveiro

O xoves, 1 de setembro, celebrarase unha mesa redonda no Multiusos do Concello de Viveiro, ás 20:30 horas, seguida dunha visita guiada á exposición.

Nela, o Director de GaliciaDigital, Antonio Giz, falará sobre o Proxecto Manuel Rodríguez López; o crego e musicólogo Xesús Mato, sobre Manuel Rodríguez,

amigo; o Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato, sobre «O noso fillo predilecto», Xulio Xiz.

NOTA DE PRENSA

Exposición MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ en VIVEIRO

Do 26 de agosto ao 2 de setembro, está aberta ao público na Biblioteca Pública municipal de Viveiro a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese Concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésimoprimeira edición.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido por GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido na Casa da Cultura de Paradela para logo expoñerse en Lugo, Begonte, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona, Madrid, na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso, na Biblioteca Anxo Casal de Compostela, na Casa das Palabras de Guitiriz, no Concello de Meira e no Antigo Hospicio de Ferrol, Centro Galego de Salamanca, Casa de Galicia en León, e Centro Galego de Vitoria.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

O día 1, mesa redonda en Viveiro

O xoves, 1 de setembro, celebrarase unha mesa redonda no Multiusos do Concello de Viveiro, ás 20:30 horas. Seguida dunha visita guiada á exposición.

Nela, o Director de GaliciaDigital, Antonio Giz, falará sobre o Proxecto Manuel Rodríguez López; o crego e musicólogo Xesús Mato, sobre Manuel Rodríguez, amigo; o Alcalde de

Paradela, Xosé Manuel Mato, sobre "O noso fillo predilecto", Xulio Xiz falará no nome da familia do escritor, e pechará o acto o representante do Concello de Viveiro.



Viveiro repasó la vida y obra del escritor lancarés Manuel Rodríguez López

El Proxecto Manuel Rodríguez López, emprendido por GaliciaDigital y la familia del escritor de Láncara, hizo su parada en Viveiro, donde hoy se cierra en la biblioteca una exposición sobre el autor. Su figura

también fue recordada ayer en una mesa redonda en la que participaron personas cercanas a Rodríguez, además del alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato, y el edil vivariense Jesús Fernández. JOSÉ M^a ALVEZ

ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Excelentísimas autoridades, señoras e señores:

O Proxecto Manuel Rodríguez López, promovido por GaliciaDixital, convócanos hoxe en Viveiro, neste acto de presentación da Exposición itinerante do poeta de Paradela. A familia de Manolo, encabezada pola súa dona Irene, sentimos orgullo de que a vida e obra do noso poeta obreiro, emigrante galego e Fillo Predilecto de Paradela se dea a coñecer tamén na capital da Mariña Lucense, gracias ó Concello de Viveiro que tan garimosamente abre as súas portas a esta exposición.

Nunha das súas crónicas das viaxes que Manolo fixo con Anxel Fole, deixou escrito sobre Viveiro: “Cumprida a obriga de acudir a San Andrés de Teixido, dirixímonos a O Vicedo. O orballo e a néboa deixaron paso a un ceo limpo e un mar verde-azulado. Contempla-la verdecente paisaxe de mestos piñeirais e eucaliptos e as miúdas veigas a carón das praias é unha regalía que acada o máximo interese en chegando a Viveiro, a xoia das rías lucenses”.

Cinco verbas chegaronlle ó Fillo Predilecto de Paradela para definir a admiración e o orgullo cara esta vila galega na que a historia e a paisaxe xúnguense e transfórmanse en tradicións e turismo, en mar e montaña, en espírito e na hospitalidade das súas xentes. Manolo gozou de Viveiro en vida en moitas ocasións. Desafortunadamente non chegou a ver o enlace familiar que xunquiría por sempre á nosa familia a estas terras. A árbore xenealóxica extendida de Manolo Rodríguez inclúe agora vivarienses e xentes da Mariña Lucense, ascendentes directos do seu neto Carlos, conectando as costas de Lugo co interior lucense, nunha aberta integradora da que Manolo sen dúbida se sente orgulloso.

Se tiveramos que definir brevemente a Manolo diríamos en primeiro lugar que foi un galego que amou a Galicia dende o máis fondo do seu corazón. E dentro de Galicia a Paradela, a patria dos seus antergos. Pero tamén foi un emigrante dende os seis anos que viviu na acolledora Catalunya (concretamente en Barcelona) durante case 45 anos. A saudade e a vida dos obreiros levárono a escribir rimadas poesías en galego que tal vez son a súa maior contribución á nosa literatura. Ademais escribiu narracións e sobre todo foi cronista na prensa dos actos que os galegos organizaron en Catalunya durante dúas décadas. Foi tradutor e autor teatral. Foi conferenciante e participou noutras moitas actividades culturais. Pero sobre todo foi marido e pai exemplar, e en boca dos que o coñeceron, amigo fidel, home bo e xeneroso.

Deixounos un legado en forma de poesías, narracións, crónicas, traducións, audios e videos, todo elo accesible na súa páxina web, importante polo contido e polo deseño. Unha páxina web, feita por Antonio Giz, que nos achega con fidelidade á vida e obra de Manolo e que estimula e posibilita profundizar o que foi e o que fixo o Fillo Predilecto de Paradela.

Esta páxina web foi o primeiro froito do Proxecto Manuel Rodríguez López, pero non o único nen o último. O proxecto é obra dos amigos Xulio Xiz e Antonio Giz de GaliciaDixital, idearios e impulsores deste proxecto multidimensional, e tamén existe gracias ó apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Real Academia Galega. Parte fundamental do recoñecemento público a Manuel Rodríguez é

o seu íntimo amigo Xesús Mato, inspirador do Proxecto e tantas outras iniciativas, sendo un dos principais motores do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela.

O apoio do Concello de Paradela foi e é fundamental para que a memoria de Manolo perviva nestas últimas décadas despois do seu pasamento en 1990. Son innumerables os actos de recoñecemento a Manolo desde Paradela e, sempre detrás deles, sempre promovéndoos, atópase o bo facer do seu Alcalde, o noso amigo José Manuel Mato Díaz. O amor amosado por Manuel Rodríguez López cara Paradela durante toda a súa vida vese plenamente recompensado por Paradela, que o nomeou Fillo Predilecto, deulle o seu nome ó Centro Sociocultural de Paradela, acolle os seus restos mortais no panteón de paradelenses ilustres, financia innumerables iniciativas para honrar a súa memoria e convoca dende 1995 ininterrumpidamente un recoñecido Certame Literario que leva o seu nome. Gracias amigo Mato, gracias Paradela.

A Xunta de Galicia é fundamental neste Proxecto. Ata tres altos cargos da Xunta apoiaron materialmente o proxecto e a presentación da exposición coa súa presenza en diversas cidades. O Conselleiro de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria, D. Xesús Vázquez Abad, o Secretario Xeral de Cultura Anxo Lorenzo e o Secretario Xeral de Política Lingüística Valentín García son unha mostra do decidido apoio do Proxecto MRL pola máxima institución dos galegos, a Xunta de Galicia. Destacar o apoio incondicional de Valentín García, pilar fundamental deste proxecto que nos regala garimosamente a súa amizade verdadeira, o seu apoio material e a súa presenza na práctica totalidade dos actos en lembranza de Manolo.

Tamén agradecemos á Deputación de Lugo e ó Concello de Lugo. E de xeito especial á Real Academia Galega por medio do seu Presidente, amigo e mestre de Manolo Rodríguez, o catedrático D Xesús Alonso Montero, verdadeiro estandarte na honra de Manolo tanto en vida como nesta nova vida que Manolo Rodríguez está a vivir vencendo a negra sombra.

E como non, gracias ás xentes de Viveiro e ó seu Concello por abrírnos as portas da súa casa. A nosa ilusión é que a figura de Manolo, a súa vida e obra, se difunda polo universo da galeguidade para ser coñecida e estudiada, sendo exemplo e reflexión ó mesmo tempo, sendo pasado, presente e futuro. Gracias a todos os que facedes isto posible.

Inauguración da Exposición Itinerante en Viveiro (Agosto 2016)

